



PLAN DIXITAL

CEIP de Valeixe

36014945

As Touzousas s/n – A Cañiza (Pontevedra)

Versión 1.0_ xuño 2022

ÍNDICE DO PLAN DIXITAL

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo de Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos
- 3.2. Indicadores e accións

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción. Avaliación procesual
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Datos básicos do centro

- ✍ **Denominación:** CEIP de Valeixe, As Touzousas – A Cañiza (Pontevedra)
- ✍ **Código:** 36014945
- ✍ **Páxina do centro:** www.edu.xunta.gal/centros/ceipvaleixe/
- ✍ **Correo electrónico:** ceip.valeixe@edu.xunta.gal

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo de Centro

✍ O CEIP de Valeixe está situado nunha zona rural sen desenvolvemento industrial nin económico. A maior parte dos residentes adócense ás labores propias da agricultura e gandería. Esta falta de industria que sinalo, provoca que os habitantes teñan emigrado a zonas con maior empregabilidade. Os que non marcharon, en moitos casos, dependen do transporte público ou privado para o desprazamento aos seus lugares de traballo. As familias do noso centro son familias traballadoras adicadas a unha variedade de tarefas: agricultura e gandería, autónomos con empresa propia, mestres, hosteleros, transporte, servizos públicos, etcétera. Nos últimos tempos dánse movementos da poboación que provocan fluctuacións no número do alumnado, resultando polo de agora un incremento baixo pero constante da nosa matrícula.

✍ O noso centro conta cun Proxecto Educativo que precisa ser renovado. É o documento pedagóxico que recolle a identidade, obxectivos e organización do centro para respostar de xeito eficaz ás necesidades da nosa realidade. Por este motivo o Plan Dixital será deseñado para aumentar a competencia dixital do profesorado e do alumnado especialmente tendo en conta as características da nosa comunidade educativa e o seu punto de partida.

O Plan Dixital que presentamos parte das necesidades formativas e de recursos tecnolóxicos do centro cos seguintes obxectivos xerais:

- contribuír á mellora e actualización do equipamento dixital
- actualización do profesorado
- inclusión de recursos dixitais á práctica educativa que incidan de xeito positivo na competencia dixital do alumnado.

✍ A Programación Xeral Anual - PXA - é o documento de planificación do curso que é elaborado no seu inicio. Polo tanto, o citado Plan Dixital será incluído na PXA do vindeiro curso 22-23 e marcará as liñas de actuación do profesorado para a posta a punto do establecido nel, e as pautas de avaliación e mellora para futuras versións que den unha resposta máis axustada ás necesidades e realidades que viviremos durante a súa posta en práctica.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A continuación relaciónanse as referencias normativas que basean a necesidade, deseño e elaboración do Plan de Dixital do CEIP de Valeixe:

✍ Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

✍ Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

✍ Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

✍ O CEIP de Valeixe conta cunha matrícula de 39 alumnos e alumnas no presente curso e un claustro de 4 mestras a xornada completa no centro máis tres itinerantes (Relixión, Orientación e Audición e Linguaxe).

Por este motivo a totalidade do claustro que traballa a tempo completo no centro, forma parte do Equipo de Dinamización Dixital participando nos pasos previsto e no deseño e elaboración do presente documento.

2. Situación de partida

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible

✍ O CEIP de Valeixe non dispón de recursos actualizados e en bo estado na maior parte dos espazos.

- O despacho de dirección conta cun equipo que leva en funcionamento dous cursos. O seu rendemento é bo en liñas xerais pero sen os periféricos precisos hoxe en día (cámara web e micrófono externo que envíe un bo sinal de son).
- No despacho de Orientación e Sala de Mestres, os equipos están moi envellecidos, cun mal rendemento e sen periféricos básicos. Mesmo se deu de baixa unha das dúas unidades existentes que non foi renovada pola UAC a pesares de ter feita a comunicación e solicitude correspondente.
- Na aula de Informática os computadores dos que dispoñemos foron unha doazón do Centro de Formación e Recursos hai xa cinco cursos. Esta doazón tivo lugar debido pola falta de recursos actualizados durante a realización dun PFPP de Robótica.
- Só hai un aula que dispoña de computador actualizado e funcional (aula do Grupo A). O aula do Grupo B dispón dun PC totalmente obsoleto que continuamente presenta problemas. O resto de aulas (Infantil, AL, Apoio, Música e Psicomotricidade), están empregando portátiles en préstamo por parte do devandito CFR.
- Na Biblioteca a situación é similar: existe un PC obsoleto e toda a xestión estase a facer cun portátil de préstamo.

✍ O mantemento destes equipos corresponde á UAC. Sempre que se solicita intervención esta lévase a cabo pero hai equipos que non soportan un emprego a nivel usuario e que supoñen máis investimento en reparacións que na utilidade que realmente ofrecen.

✍ No último curso foron dados de baixa 7 PCs en total. Unha vez cursada a solicitude á UAC foi denegada por falta de recursos.

✍ O centro dispón de dous IPAD que funcionan a pleno rendemento. Ambos foron unha nova doazón do noso CFR.

✍ En relación á formación e programas de innovación podemos sinalar que nos últimos cursos vímonos inmersos no Programa de Robótica en Educación Primaria. Esta experiencia brindounos novas aprendizaxes e experiencias (para alumnado e profesorado), e a posibilidade de adquirir robots como BeeBot, BlueBot, ou Escornabot.

✍ En relación ao uso de plataformas e servizos dixitais hai anos que se actualiza a páxina do centro e a canle de Instagram (esta máis recentemente), e existen blogues de aula. No relacionado coa Aula Virtual, nela recollíanse os materiais das actividades de formación do profesorado. Dende o confinamento do ano 2.020 doutouse a todo o alumnado do centro do seu usuario e contrasinal para o acceso aos recursos contidos nela. O profesorado xa ten costume no uso de aplicacións como CiscoWebex ou Agüeiro. AbalarMóbil converteuse na aplicación principal de uso para comunicación coas familias do centro, por parte do centro. O 75% do profesorado ten instaladas as aplicacións AbalarMóbil e AbalarPro nos

seus dispositivos móbiles co fin de axilizar a comunicación oficial coas familias e facilitar a xestión de titorías e xustificación de faltas.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

✍ Táboa 01. Táboa resumo dos resultados obtidos no informe SELFIE

Áreas	Grupos	Resultados de centro
A. Liderado	Equipo Directivo	3.5
	Profesorado	3.6
	Alumnado	
B. Colaboración e redes	Equipo Directivo	3.3
	Profesorado	3
	Alumnado	3
C. Infraestructuras e equipos	Equipo Directivo	4
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.4
D. Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4.3
	Profesorado	4
	Alumnado	
E. Pedagogía: Apoio e recursos	Equipo Directivo	4.1
	Profesorado	3.2
	Alumnado	
F. Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3.7
	Profesorado	3
	Alumnado	2.9
G. Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3
	Profesorado	2.6
	Alumnado	
H. Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	2.6
	Profesorado	2.6
	Alumnado	3.6

✎ Táboa 02. TestCDD de centro: Perfil do profesorado participante

	Profesorado participante	Profesorado total	Porcentaxe de participación
DEFINITIVO	3	3	100 %
SUBSTITUTO	1	1	100 %
INFANTIL	1	1	100 %
PRIMARIA	3	3	100 %

✎ Táboa 03. TestCDD de centro: Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación media do test sobre 192	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia sobre 192	Nivel de Competencia en Galicia
CENTRO	79	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

✎ Táboa 04. TestCDD de centro: Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test sobre 192	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia sobre 192	Nivel de Competencia en Galicia
INFANTIL	79	Integrador/a (B1)	68.2	Integrador/a (B1)
PRIMARIA	74	Integrador/a (B1)	77	

✎ Táboa 05. TestCDD de centro: Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	Porcentaxe de profesorado participante neste nivel
EXPLORADOR/A (A2)	1	25 %
INTEGRADOR/A (B1)	3	75 %
TOTAL	4	100 %

2.3. Análise DAFO

📌 Táboa 06. Análise de fortalezas e debilidades. Categorias internas

CATEGORÍAS DE CARÁCTER INTERNO	FORTALEZAS	DEBILIDADES
EQUIPO DIRECTIVO	Motivación destacada de cara á proposta	
CLAUSTRO	Cohesión e actitude positiva da totalidade do claustro e itinerantes	
PROFESORADO	Actitude positiva de cara ao cambio	Necesidade de ampliar a formación relacionada co ámbito da docencia directa
ALUMNADO	Predisposición positiva	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Grupos mixtos de tres niveis. Pouco profesorado e pouca dispoñibilidade horaria para o que conleva este traballo (asociado á sobrecarga administrativa e burocrática)
INFRAESTRUCTURAS		<ul style="list-style-type: none"> · Necesidade de adaptar as aulas e dotalas de recursos de cara á nova realidade dixital · Necesidade de mellorar a conexión Wifi para ter acceso dende todos os espazos · Falta de ferramentas dixitais para o correcto desenvolvemento do Plan Dixital de Centro
FAMILIAS	Apoio e colaboración das familias favorecido polo ambiente familiar do centro	

2.3. Análise DAFO - Continuación

📌 Táboa 07. Análise de oportunidades e ameazas. Categorias externas

CATEGORÍAS DE CARÁCTER EXTERNO	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Interese polo cambio metodolóxico coa incorporación do PDC	Falta de tempo nos horarios docentes para a inclusión dun novo aspecto como é o novo ensino dixital que se pretende
LEXISLACIÓN EDUCATIVA	Creación do Plan Dixital de Centro	Sobrecarga de traballo burocrático con prazos moitas veces desequilibrados, que mesmo inclúe a solicitude de plans de acción ou documentación en exceso, en pouco tempo
ANPA	Boa predisposición	
ASESORÍA ADIX	Apoio, asesoramento e motivación prestados	
CONTORNA		
OUTRAS ENTIDADES - CFR DE VIGO -	Asesoramento e apoio incondicional prestados	

3. PLAN DE ACCIÓN

3.1. Obxectivos

1. Acadar a mellora do equipamento dixital do centro
2. Iniciar o emprego da Aula Virtual do centro en todos os niveis educativos
3. Introducir o emprego dos recursos tecnolóxicos do centro en todos os niveis educativos

3.2. Indicadores e accións

Nas seguintes táboas recóllense os indicadores de logro e accións para a consecución dos obxectivos anteriormente sinalados en relación coas distintas áreas de mellora.

Táboa 08. Plan de acción para o Obxectivo 1, Indicadores de logro e Accións a desenvolver

“Área/s de mellora”: C. Infraestrutura e equipamento						
1. OBXECTIVO (1):	Acadar a mellora do equipamento dixital do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Consellería de Cultura, Educación e Universidade				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	40,00%					
Valor de partida (3)	5,00%					
Valor previsto e data (4)	40 % a xuño 2023					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Biblioteca	Coordinación Biblioteca	01/06/23	Ordenador, pantalla táctil interactiva, impresora	Inventario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Sala mestres e orientación	Equipo directivo	01/06/23	4 ordenadores e impresora	Inventario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Aula Infantil	Especialista	01/06/23	Computador de sobremesa Pizarra dixital ou pantalla táctil interactiva, 4 tabletas dixitais	Inventario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Aula Grupo A	Especialista	01/06/23	Computador de sobremesa 4 tabletas dixitais	Inventario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.4: Aula Grupo A - Bis	Especialista	01/06/23	4 tabletas	Inventario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5: Aula Grupo B	Especialista	01/06/23	Ordenador, 4 tabletas	Inventario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6: Aula Grupo Música	Especialista	01/06/23	Ordenador, pizarra dixital ou pantalla táctil interactiva	Inventario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.7: Aula Inglés	Especialista	01/06/23	Ordenador, pizarra dixital ou pantalla táctil interactiva, 4 tabletas	Inventario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.8: Aula Audición e Linguaxe	Especialista	01/06/23	Ordenador portátil, 2 tabletas	Inventario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.9: Aula Grupo A	Especialista	01/06/23	Ordenador, pantalla táctil interactiva, tableta	Inventario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.10: Aula Usos Múltiples	Dirección	01/06/23	Ordenador, pantalla táctil interactiva	Inventario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

📄 Táboa 09. Plan de acción para o Obxectivo 2, Indicadores de logro e Accións a desenvolver

“Área/s de mellora”: F. Pedagogía. Implementación na aula						
1. OBXECTIVO (1):	Iniciar o emprego da Aula Virtual do centro en todos os niveis educativos				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	40,00%					
Valor de partida (3)	10,00%					
Valor previsto e data (4)	40 % a xuño 2023					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Emprego dos recursos virtuais en Educación Infantil	Especialista en Educación Infantil	01/06/23	Ordenador, pantalla táctil interactiva, recursos virtuais	Rexistro de evidencias	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Emprego dos recursos virtuais en Educación Primaria	Titoras e especialistas	01/06/23	Ordenador, pantalla táctil interactiva, recursos virtuais	Rexistro de evidencias	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3 Emprego dos recursos virtuais nos apoios e/ou desdobres	Especialista/s	01/06/23	Ordenador, pantalla táctil interactiva, recursos virtuais	Rexistro de evidencias	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

📄 Táboa 10. Plan de acción para o Obxectivo 3, Indicadores de logro e Accións a desenvolver

“Área/s de mellora”: F. Pedagogía. Implementación na aula						
1. OBXECTIVO (1):	Introducir o emprego dos recursos tecnolóxicos do centro en todos os niveis educativos				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	40,00%					
Valor de partida (3)	10,00%					
Valor previsto e data (4)	40 % a xuño 2023					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Emprego dos recursos tecnolóxicos en Educación Infantil	Especialista en Educación Infantil	01/06/23	Ordenador, pantalla táctil interactiva, tableta	Listaxe de control dos recursos empregados	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Emprego dos recursos tecnolóxicos en Educación Primaria	Titoras e especialistas	01/06/23	Ordenador, pantalla táctil interactiva, tableta	Listaxe de control dos recursos empregados	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3 Emprego dos recursos tecnolóxicos nos apoios e/ou desdobres	Especialista/s	01/06/23	Ordenador, pantalla táctil interactiva, tableta	Listaxe de control dos recursos empregados	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. AVALIACIÓN DO PLAN DIXITAL

- ✍ Para a elaboración deste plan partiuse dunha avaliación inicial coa correspondente recollida de datos e suxestións por parte do claustro.
- ✍ Á fase de seguimento do desenvolvemento do contido será obxecto dunha avaliación procesual que permitirá realizar os axustes oportunos nun curto período de tempo.
- ✍ Na fase final farase unha recollida de información que derivará nunha avaliación final da que se concluirán o grao de cumprimento dos obxectivos e as propostas de mellora preciasas.

4.1. Seguimento do Plan de Acción. Avaliación procesual

- ✍ **A avaliación do proceso (avaliación procesual)**, fai referencia ao seguimento da posta en práctica do exposto neste plan e da consecución dos obxectivos sinalados.
- ✍ O seguimento levarase a cabo trimestralmente por parte do claustro e valoraranse os seguintes aspectos:

- ◆ Estado da execución das accións
- ◆ Análise das dificultades atopadas
- ◆ Análise e valoración de resultados
- ◆ Posibles modificacións das accións
- ◆ Propostas de mellora

4.2. Propostas de mellora (revisión)

- ✍ Na finalización do vindeiro curso 22-23 farase unha avaliación final da que se extraerá información sobre os seguintes aspectos:
 - ◆ Análise do grao de consecución dos obxectivos.
 - ◆ Dificultades atopadas.
 - ◆ Propostas de mellora e posibles modificacións precisas.
 - ◆ A adecuación e axuste do contido do Plan Dixital de centro á nosa realidade.
 - ◆ A adecuación e suficiencia dos recursos dispoñibles (persoais e materiais).

✍ Para a realización desta avaliación final utilizaranse e elaboraranse os materiais que se consideren máis oportunos (cuestionarios, fichas de recollida de datos, etc...) e os resultados reflectiranse na memoria correspondente.

5. DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL

✍ A falta de elaboración dun Plan de Comunicación propio, a publicidade e difusión deste documento seguirá a seguinte orde:

- ◆ Presentación e aprobación en sesión de Claustro.
- ◆ Presentación e aprobación en sesión de Consello Escolar.
- ◆ Publicación na páxina web do centro.
- ◆ Comunicación a través da aplicación institucional AbalarMóbil
 - da existencia deste novo plan,
 - da publicación na páxina do centro,
 - da dispoñibilidade física do devandito documento no despacho de dirección para a súa consulta por parte dos distintos membros da comunidade educativa, previa petición ao centro (por cuestións organizativas de horarios de atención).

✍ Documento presentado e aprobado en Claustro con data: ____ de xuño, 2.022.

Asdo. M^a Fátima García Rodríguez

✍ Documento presentado e aprobado en Consello Escolar con data: ____ de xuño, 2.022.

Asdo. M^a Fátima García Rodríguez

Asdo. Rocío Fernández Blanco